

Estimados pais e nais:

Como de seguro xa coñecen, para o vindeiro xoves **8 de marzo** están anunciadas numerosas actuacións co gallo do Día Internacional da Muller. Entre elas, as convocatorias de entidades sindicais de mobilizacións que van desde o parón de dúas horas por quenda de traballo ata a folga xeral de 24 horas. Daquela, afectará tamén ao eido educativo, tanto docente, persoal non docente coma estudantil.

Polo que respecta ao alumnado, tendo en conta o punto 15 do artigo 10 das *Normas de Organización e Funcionamento* do IES Mugardos:

*“Coa finalidade de estimular a participación do alumnado nos centros educativos, estes deberán facilitar o dereito de reunión. As decisións colectivas que adopte o alumnado, **a partir do terceiro curso de ESO**, con respecto á asistencia á clase, non terán a consideración de faltas de conduta nin serán obxecto de sanción cando sexan o resultado do exercicio do dereito de reunión e sexan comunicadas previamente á Dirección do centro. Para tal fin establécese que deberán ser decisións colectivas por razóns xerais e comunicadas á Dirección previamente (48 horas) pola Xunta de Delegados. (LOE)*

*De se producir esta situación, o centro deberá comunicar aos pais a convocatoria desa folga para o seu coñecemento. O profesorado deberá trasladar a falta do alumnado ausente ao XADE e comunicala en conserxería o antes posible quedando esta información a disposición dos titores e da Xefatura de Estudos, que poderán comunicala de xeito inmediato ás familias ou aos servizos da Policía Municipal en caso de se tratar de alumnado de escolarización obrigatoria.”*

Comunicámoslles que a Xunta de Delegados/as, reunida a semana pasada, anunciou a súa intención de apoiar as mobilizacións previstas, e de xeito especial a **folga de mulleres**. Segundo o regulamento do centro, **agardamos que os proxenitores ou titores legais do alumnado feminino menor de idade asinen o recibo da información**. O alumnado masculino, se finalmente decide secundar a folga de mulleres, poderá á xustificar as faltas de asistencia polo procedemento habitual.

Asemade, é importante salientar que no caso de elixir o parón de dúas horas establecido na quenda de mañá entre as 12:00 e as 14:00 horas do 8 de marzo, o alumnado de bacharelato poderá abandonar o centro sempre que conte coa autorización asinada para saír do centro a últimas horas. No caso da ESO e FP Básica, deberán ser recollidos/as na secretaría.

Por último, lembramos que nos servizos de transporte, oficina e docencia funcionarán os servizos mínimos establecidos pola administración para atender aos alumnos e alumnas que no exercicio do seu dereito asistan a clase.

O director



COMUNICACIÓN DE CONVOCATORIA DE FOLGA  
Entregar en secretaría do centro con 24  
horas de antelación ao comezo da  
folga.

*A cubrir pola secretaría do centro*

**DATA: ..... de ..... de 20.....**

Don/a.....DNI.....

en calidade de nai/pai/titor legal de.....

**alumna** do curso..... grupo.....

**COMUNICA** a recepción desta circular informativa sobre a folga de mulleres convocada para o 8 de marzo de 2018.

Asdo:.....